



UNHA MODIFICACIÓN MOI SIGNIFICATIVA

O martes 5, no noso cartel titulado “¿Por que tanto interese en negociar co PP?” citábamos o blog de CCOO de San Fernando: “*Plan de futuro. (...) Xa hai un documento pactado que só necesita do apoio político para que Goberno, SEPI, Navantia e sindicatos poidamos ir da man a Bruxelas*”. E engadíamos o enlace, por se alguén quería comprobar a cita por si mesmo: entrada do 19/11/2015 titulada “Consejo de Centro”. Pode verse en <http://ccoonavantiasanfernando.blogspot.com.es/search?updated-max=2015-11-26T21:58:00%2B01:00&max-results=7&start=28&by-date=false>.

Pois ben, **O DÍA 6 POLA TARDE O TEXTO ERA OUTRO**. Agora di o seguinte: “*Existe un documento do Consello de Administración da Empresa que recolle moitas das liñas básicas que defendemos como Sección Sindical, e que só necesitaría do seu desenvolvemento e negociación, así como do futuro apoio político para que Goberno, SEPI, Empresa e Sindicatos poidamos ir da man a Bruxelas*”. Evidentemente, non é casualidade que ese texto, que levaba no blog máis de 7 meses, sexa modificado xusto ó día seguinte do cartel de Gañemos CCOO. (Nota: Antes do martes descargamos unha copia do blog de San Fernando, así que estamos en condicións de demostrar que nós non mentimos nin manipulamos nada).

Na nosa opinión, hai moitos elementos para chegar á conclusión de que as federacións están negociando o futuro desta empresa sen nin sequera informarnos ós traballadores.

En primeiro lugar, lamentablemente este tipo de actuacións por parte das cúpulas sindicais é práctica habitual, e sobran os exemplos ó longo e ancho do Estado.

Por outra banda, ¿que outra base pode ter a información sobre as prexubilacións (sempre en forma de rumores) que periodicamente se pon en circulación desde o ámbito da federación? Unha información que nalgún caso foi bastante concreta, como a de que o plan se ía presentar no consello de administración extraordinario do 6 de abril, detallando a idade de corte, que se sairía en dúas tandas, etc. E se esas informacións non teñen base, ¿que se pretende entón difundindo tales rumores?

Ademais, o blog de San Fernando o dicía expresamente até antonte: “*Xa hai un documento pactado...*”. **A SUBSTITUCIÓN DESTA FRASE POR OUTRA NON FAI MÁIS QUE RATIFICAR A IDEA DE QUE ÓS TRABALLADORES SE NOS ESTÁ OCULTANDO INFORMACIÓN.**

De feito, isto tamén se deduce do novo texto do blog. Citamos textualmente (a día de onte): “***Existe un documento do Consello de Administración da Empresa que recolle moitas das liñas básicas que defendemos como Sección Sindical***” (os suliñados son nosos).

É dicir, o blog recoñece que **HAI UN DOCUMENTO**. Pois se hai un documento, **¿ONDE ESTÁ?** As federacións de CCOO e UGT están representadas no consello de administración. Por tanto, teñen ese documento. **¿POR QUE NON O FAN PÚBLICO PARA QUE OS TRABALLADORES O POIDAMOS COÑECER?** Secreto non é, posto que a sección sindical de San Fernando o coñece. Sen embargo, en Ferrol non se

coñece, ou polo menos nin se entregou nin se informou sobre o seu contido en ningunha asemblea de afiliados ou reunión da executiva da sección sindical. **ESIXIMOS A DIFUSIÓN PÚBLICA INMEDIATA DESE DOCUMENTO EN PODER DAS FEDERACIÓNS, A FIN DE QUE TÓDOLOS TRABALLADORES POIDAMOS COÑECELO.**

Pero do novo texto tamén chama a atención outra cousa: que diga que o documento da empresa recolle moitas das liñas básicas que defende a sección sindical.

Todos estamos vendo a prepotencia desta dirección, que está destrozando a empresa, que actúa unilateralmente, que incumpre o convenio colectivo, que propicia a brutal explotación laboral nas compañías, que ignora sistematicamente ós comités de empresa, que está introducindo as ETTs en Navantia, que se nega a que os novos ingresos de técnicos superiores se fagan con transparencia e igualdade de oportunidades, que incluso chegou a comprar a un representante sindical (o cal non deixa de ser unha forma de corrupción).

¿De verdade que o documento da empresa recolle moitas das liñas básicas sindicais? Costa moito crelo. A menos, claro, que esas liñas sindicais sexan do estilo das liñas que levaron ós dirixentes de tódalas seccións sindicais de CCOO de Navantia e ós da federación a apoiar con todo entusiasmo o IV Convenio. Tanto entusiasmo, que en 2015 algúns o seguían defendendo. O 25 de febreiro dese ano, a raíz da anulación do IV Convenio, a dirección da sección sindical de San Fernando mandou un correo ós afiliados no que dicía o seguinte: *“el Convenio que se firmó fue la mejor manera de esquivar los recortes que permitía la reforma laboral, las amenazas de expediente de regulación de empleo en una situación de nula carga de trabajo, preservando derechos sin merma ni económica ni social”*.

Se se pensa que o IV Convenio era a mellor maneira de esquivar os recortes e que preservaba dereitos sen merma económica nin social, non é sorprendente que tamén se poida pensar que o plan da empresa recolle moitas liñas básicas sindicais. Coñecer o documento do consello de administración permitiría saír de dúbidas.

Por tanto, ratificámonos nos nosos plantexamentos:

- 1) AS FEDERACIÓNS NON PODEN ACTUAR EN NOME DO CONXUNTO DOS TRABALLADORES DE NAVANTIA PORQUE NON OS REPRESENTAN.**
- 2) A ÚNICA REPRESENTACIÓN LEGAL DO CONXUNTO DOS TRABALLADORES DE NAVANTIA SON OS COMITÉS DE EMPRESA.**
- 3) OS MEMBROS DOS COMITÉS DEBEN SER OS ÚNICOS CON PODER DE FIRMA EN CALQUERA NEGOCIACIÓN (TRALA DECISIÓN NESE SENTIDO DAS ASEMBLEAS, POR SUPOSTO). O PAPEL DAS FEDERACIÓNS É ASESORAR.**
- 4) PARA QUE UN ÓRGANO QUE NON SEXA O COMITÉ REPRESENTA Á PLANTILLA, O CONXUNTO DOS TRABALLADORES DEBEMOS APROBALO.**

A loita contra o IV Convenio encerra leccións valiosísimas: a comisión negociadora a favor de asinalo, tódolos comités de empresa a favor de asinalo, as federacións a favor de asinalo. Pero os traballadores nos opuxemos firmemente a dita sinatura. E se a empresa logrou finalmente asinalo foi grazas á colaboración dun vendido, pero de xeito tan chapuceiro, que acabou anulado. **OS TRABALLADORES TEMOS FORZA. A RESIGNACIÓN NON É UNHA OPCIÓN. NON O ESQUEZAMOS NUNCA.**